

CLIMÁNTICA INTERCAMBIOS: MOBILIDADE PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL E CIENTÍFICA SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO

SÓÑORA LUNA, FRANCISCO
IES Virxe do Mar

RESUMO

Climántica Intercambios baséase en intercambios de Educación Científica e Ambiental entre diferentes sistemas educativos, e ten a vocación de ampliar o alcance xeográfico a través de programas que o faciliten, como pode ser Erasmus+. Trátase dunha iniciativa desenvolta polo consorcio Climántica + CENEAM + AEPECT. Calquera docente interesado pode pedir información a climantica@climantica.org. Para que un centro sexa seleccionado para os intercambios do curso 2015-2016 debe ter docentes que participen no seminario de investigación –acción sobre as actividades do campus xuvenil internacional que se celebrará no CENEAM entre o 25 e o 30 de xuño de 2015, e que ten recoñecidas 50 horas de formación no marco do convenio AEPECT-Ministerio de Educación.

ANTECEDENTES

Trátase da segunda derivada do concepto pedagóxico de Climántica, despois de que no curso 2012-2013 se puxera en marcha Oceántica, o proxecto Ciencia. Tecnoloxía e Sociedade do campus de excelencia internacional Campus do Mar.

O proxecto Climántica empezouse a aplicar nos centros de secundaria de Galicia no curso 2006-2007, situándose o proxecto como o pilar educativo do Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático, onde se mantivo durante todo o tempo de vixencia do mesmo.

Dende o 2010 ata 2012 desenvolveuse como o paquete de traballo de Educación para o Cambio Climático do proxecto Feder – Interreg Climatatlantic no que participaron tamén institucións de Gran Bretaña, Irlanda Francia e Portugal.

OBXECTIVOS

- Comparar a evolución histórica da sostibilidade, as características climáticas, os impactos do cambio climático e os plans para darlle respostas a eses impactos nas dúas rexións climáticas implicadas no intercambio.
- Analizar a biodiversidade nas dúas rexións climáticas, en especial no relativo as diferenzas de adaptación a cada un dos dominios climáticos, e aos impactos do cambio climático en cada unha delas.
- Analizar a xeomorfoloxía nas dúas rexións climáticas tendo presentes, na comparación dos procesos de meteorización, de erosión e de sedimentación, as diferenzas tectónicas e petrolóxicas.
- Analizar de forma comparativa o modelo enerxético, de xestión a as súas relacións coa mitigación e adaptación ao cambio climático nas dúas rexións climáticas.

- Reflexionar sobre a influencia do clima nos valores, na xestión integral do territorio, na arquitectura, na gastronomía, na cultura e na forma de vida dende a comparación destes aspectos nas dúas rexións climáticas
- Comparar o papel da ciencia e da tecnoloxía nas dúas rexións climáticas para o estudo dos impactos e das respostas de mitigación e adaptación ao cambio climático.

DESCRIPCIÓN DE CLIMÁTICA INTERCAMBIOS

A base organizativa de Climática Intercambio sópórtase en nodos de rede educativa, agrupando 3 ou 4 centros educativos de secundaria próximos que poden estar nunha mesma cidade ou en concellos próximos de cada rexión climática implicada. Para cada intercambio faranse este tipo de agrupamentos dende diferentes bisbarras nas distintas comunidades autónomas e países. Cada un dos centros implicados en cada país seleccionará por criterios de mérito, capacidade, interese, liderado e motivación entre 5-8 alumnos para formar a delegación dos 20 alumnos que participan no intercambio dende cada rexión climática implicada.

Cada un dos centros organizará unha actividade extraescolar que implique visitar unha zona con recursos didácticos de Educación Ambiental e Científica que sexan singulares e característicos desa rexión climática e que faciliten acadar os obxectivos mediante actividades con un enfoque práctico e vivencial. Esa programación de visitas organízase dende unha comisión docente dos centros da rexión climática implicados no intercambio, para coordinar as actividades na consecución do maior número posible de obxectivos didácticos. Nesa saída académica participará unha clase cuxa programación se relacione moito coa actividade, xunto cos 20 visitantes. Desta forma os alumnos de intercambio conviven cada día cun grupo de clase dun centro diferente. Na primeira experiencia piloto en Canarias, que se desenvolverá do 24 ao 28 de novembro, desenvolveranse actividades e itinerarios organizados polos institutos Astrofísico, Vulcanolóxico, ITER e Oceanográfico. En Galicia, as actividades celebraranse entre o 23 e o 27 de marzo e implicarán a Ciencia Viva de Portugal, as Museos científicos de A Coruña, a Sotavento e a Endesa.

Para aumentar o impacto dos lazos, o último día do intercambio en cada rexión climática, farase un acto académico no que participarán os 4 grupos clase, un de cada centro, que se desprazaron cos visitantes ao longo da estancia, participando así 140 alumnos. Este acto académico terá como núcleo central un simposio no que intervirán alumnos – expertos das dúas rexións climáticas implicadas, para comparar o clima, e o papel da ciencia no coñecemento dos impactos do cambio climático e nos plans de mitigación e adaptación en cada comunidade. Este simposio reproducirase despois do intercambio en cada un dos oitos centros educativos implicados nas dúas rexións climáticas.

SEMINARIO DOCENTE E CAMPUS XUVENIL INTERNACIONAL NO CENEAM

O seminario « Investigación - acción sobre o desenvolvemento dun campus xuvenil internacional de respostas educativas fronte ao cambio climático » aportará a formación para que os docentes investiguen sobre o desenvolvemento do campus reconducindo a súas accións educativas para amplificar os seus obxectivos e sacando conclusións para aplicar na consecución de respostas educativas de máis calidade nos sistemas educativos dos docentes implicados. Celebrarase no Centro Nacional de Educación Ambiental (CENEAM) do 25 ao 30 de xuño de 2015. Cada docente irá acompañado por 2 alumnos que participaron no Congreso xuvenil internacional. Un será premiado coa asistencia ao campus e coa do seu docente asesor ao seminario, e outro seleccionará o centro entre os participantes. Antes do remate do seminario definiranse os intercambios para o curso 2015-2016.